



**RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE ASESOR ESPECIALISTA PARA O 5º EXERCICIO DE CARÁCTER PRÁCTICO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE OITO PRAZAS DE OPERARIO/A , INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017.**

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de oito prazas de operario/a, incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, publicada no BOP núm. 10 do 15 de xaneiro de 2019, o tribunal cualificador, por medio da súa Presidenta, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

Á vista do anterior esta concellaría de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas RESOLVE:

**Primeiro.-** Designar en calidade de asesor do tribunal para o quinto exercicio práctico, segundo o disposto na base 4 e) das específicas da convocatoria, a don Santiago Pintos Pena, Profesor contratado interino de sustitución da Universidade de A Coruña, adscrito á Escola de Arquitectura.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o dispón a concelleira responsable de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que o Secretario da administración municipal da fe.

